

Universidade de Vigo - Rexistro
Pontevedra

Entrada 003 Nº. 201600019497
17/11/2016 13:18:29

Xoán M. Cebro Rodríguez, Presidente da Xunta de Persoal de Administración e Servizos da Universidade de Vigo, e en representación deste órgano,

EXPÓN:

1. Con data 10 de outubro de 2016 foi aprobada en Consello de Goberno, a RPT do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
2. Que con data 7 de novembro publícase no Diario Oficial de Galicia a RPT do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
3. Que a Xunta de Persoal, así como 1/3 do persoal ven de presentar, e dentro do prazo legal establecido ao efecto, **RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO** contra o acordo do Consello de Goberno polo que se aproba a RPT do Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo.
4. Que se os tribunais de xustiza nos dan, e lles dan a razón ás e aos compañeiros, isto conlevaría a anulación da RPT e, de executarse nestes intres a mesma, provocaría un prexuízo económico e de xestión para a Universidade de Vigo que sería de imposible ou difícil reparación.

Segundo a Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas:

Artículo 117. *Suspensión de la ejecución.*

1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.
2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien competa resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá

suspender, de oficio o a solicitude del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

- a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.
- b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

SOLICITO en nome da Xunta de Persoal:

1. A suspensión cautelar da execución da Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos da Universidade de Vigo ata que os tribunais ditén sentenza sobre o recurso contencioso-administrativo.

Tal e como manifestei e fixen saber ás e aos integrantes do Consello de Goberno recórdolle o seguinte:

O artigo 145.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro que regula o procedemento administrativo, establece que

A ADMINISTRACIÓN CORRESPONDENTE, CANDO HOUBER INDEMNIZADO AOS LESIONADOS, EXIXIRÁ DE OFICIO DAS SÚAS AUTORIDADES E DEMAIS PERSOAL AO SEU SERVIZO A RESPONSABILIDADE EN QUE HOUBESEN INCORRIDO EN DOLO, OU CULPA OU NEGLIXENCIA GRAVES, PREVIA DA INSTRUCIÓN DO PROCEDUREMTO QUE REGULAMENTARIAMENTE SE ESTABLEZA.

Os prexuízos económicos que se poden causar para o suposto de aprobar a iniciativa que aquí se presenta son enormes, pois estamos falando de xente que debe desprazarse de cidade, logo de moitos anos vivindo en Ourense ou en Pontevedra, cos gastos inherentes, de posibles cesamentos ou despedimentos coas correspondentes indemnizacións, de perdas retributivas etc.

Por todo iso solicitei expresamente que o voto fora nominal, para identificar a quen se responsabiliza da toma de decisión que se adoptou.


No caso de que o Equipo de Goberno me diga que non, que o voto é anónimo, entenderei que pretende diluír as súas responsabilidades (que serán esixidas), e por iso reclamaráselles persoalmente a cada un/ha deles/as.

O feito de que o Equipo de Goberno aprobe a modificación que pretende, e que será recorrida polas canles e as vías xudiciais oportunas, supón que asume expresamente as consecuencias de tal decisión. E, para o suposto de que nos Xulgados nos dean a razón, todos os danos e prexuízos causados, e que deban ser satisfeitos polas arcas da Administración, deberán supoñer a obriga da Universidade de repetir contra os responsables en cumprimento do artigo exposto.

Non se poderá alegar por todos vostedes erro vencible ou invencible na aprobación do presente acordo ao poñer de manifesto NESTE MOMENTO as irregularidades denunciadas, co que procederemos, insisto, á posterior reclamación, para evitar un dano ao erario público, ao obxecto de que respondan co seu patrimonio persoal quen votou a favor do presente acordo.

No suposto de que pola Universidade de Vigo se decidise non abrir o procedemento para reclamar as ditas cantidades aos responsables estaríamos ante a posible comisión dun delito de prevaricación por omisión que se poñería en coñecemento do Ministerio Fiscal.

Pontevedra, 17 de xullo de 2016

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized initial 'A' followed by a series of loops and a long horizontal stroke extending to the right.

EXCMO. E MAGFCO SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO